

A LISTA DESCHINDLER

[Steven Spielberg, 1993]

492

ESTREA EN NUMAX: 28.02.2019 | V.O.S.E. | +12

Schindler's List (2018, 195')

Dirección: Steven Spielberg

Guión: Steven Zaillian (Novela: Thomas Keneally)

Elenco: Liam Neeson, Ben Kingsley, Ralph Fiennes, Caroline Goodall, Jonathan Sagall, Embeth Davidtz, Norbert Weisser, Martin S. Bergmann, Mark Ivanir, Malgorzata Gebel

Son: Nils C. Jensen

Montaxe: Michael Kahn

Música: John Williams

Dirección de arte: Maciej Walczak

Vestuario: Anna B. Sheppard

Fotografía: Janusz Kaminski

Produtora: Universal Pictures, Amblin Entertainment (EEUU)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP4K, 1.33:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 1993 (Mellor Filme, Dirección, Guión, Fotografía, Montaxe, Música, Dirección artística), Globos de Ouro 1993 (Mellor Drama, Guión, Dirección), BAFTA 1993 (Mellor Filme, Dirección e 5 premios máis)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Lincoln, 2012

Atrápame se podes, 2002

Salvar o soldado Ryan, 1998

Parque xurásico, 1993

O imperio do sol, 1987

A cor púrpura, 1985

E.T. O extraterrestre, 1982

Tiburón, 1975

SINOPSE

Oskar Schindler, un empresario alemán de gran talento para as relacións públicas, busca gañar a simpatía dos nazis de cara ao seu beneficio persoal. Logo da invasión de Polonia polos alemáns en 1939, Schindler consegue, grazas ás súas relacións cos altos xerarcas nazis, a propiedade dunha fábrica en Cracovia. Alí emprega a centos de operarios xudeus, cuxa explotación lle fai prosperar rapidamente, grazas sobre todo ao seu xerente Itzhak Stern, tamén xudeu.

«Dirixida con furia e inmediatez por un sorprendente Spielberg, presenta o tema coma fose algo novo»

Janet Maslin, NEW YORK TIMES



Un océano metido nunha enxurrada

Por Ángel Fernández-Santos

Non entra nunha crónica de urxencia nin sequera o enunciado argumental deste monumental filme. Hai que buscar, por iso, algúns trazos que nos orienten no bosque da súa -densa pero diáfana- trama. O filme, e esta é a primeira clave do seu goce, ten tan gran poder de síntese que as súas tres horas e cuarto respíranse dunha vez, coma se fose unha curta, cousa que pensándoo ben quizais é. Co dobre de duración que a convida, *A lista de Schindler* é un filme curto. A súa enorme duración non cansa, descansa. A súa tensión crecente, relaxa. A súa incalculábel dor, alegra. Representa o exceso sen límites, o crime máis atroz nunca cometido, pero ordénase interiormente -o guión de Steven Zaillian é portentoso- cun prodixioso sentido da medida e un uso exquisito da lóxica do torrente contido, que é a que vertebra o desenvolvemento de todo auténtico melodrama, desde o embrión da súa armazón emborranchado nunhas cuartillas.

E aí aparece un segundo trazo -e outro dos apaixonantes paradoxos que encobre- deste filme: Spielberg comprime a inabarcábel traxedia do exterminio dos xudeus polacos polo

nazismo servíndose dun sinxelo xogo de xeometría do sentimento, dun cálculo dos límites de ata onde poden chegar -sen fatigar a súa capacidade de atención e goce- os vaivéns, desde o encollemento ao desbordamento, do ánimo dun espectador ante unha pantalla. E introduce un océano nunha enxurrada, o que soa a milagre.

É un filme feito para facer chorar: novo trazo distintivo, vello, o que fai do filme unha reconquista do clasicismo e ata de primitivismo vivo. Adopta unha imaxe de documento -emprego sobre negativo de cor do branco e negro, con algunha fugas memorábeis a lume- e non fabula, senón que narra sucesos verídicos, ocorridos. Pero por baixo destas auto limitacións a secuencia segrega un vendaval de imaxes dun lirismo irresistible e o que contan é contado en termos de ficción quimicamente pura: quintaesencia dun melodrama de proporcións xigantescas, pero con transparencia íntima e ata intimista, amarrada aos canons da ortodoxia do glorioso xénero.

No cinema a fermosa congoxa melodramática non xorde -e cando logra brotar de xeito incontíbel, como ocorre aquí, é síntoma de que estamos ante unha obra mestra- pola presenza na pantalla da dor, senón polo misterioso descubrimento da existencia dunha fonte de alegría agochada baixo esa dor. Por iso é polo que o gran *melo* cinematográfico teña o seu vehículo e o seu soporte formal non tanto en representar un padecemento como en desencadear emocións solidarias -e por

iso gozosas- mediante a representación ritualizada dese padecemento. O gran melodrama discorre sobre movementos de identificación: o espectador asume como propio o que ve, por alleo que lle sexa, e provoca coa apropiación dos feitos unha mutación interior destes. Tales movementos sentimentais, para seren eficaces, requiren que na pantalla teña lugar unha escalada de elevación dos sucesos cara un clima de paroxismo final, que n' *A lista de Schindler* -xeniais escenas de Auschwitz, nas que o signo do horror vira inesperadamente e faise de súpeto signo de liberdade; e as da confección da famosa lista, onde o espectador logra por fin identificarse coa ata entón fría estatua de Oskar Schindler- adquiren proporcións de orde sagrada, o que crea ante a súa contemplación un pranto eufórico, unha inundación de imprecisos e incontíbeis sentimentos agradecidos. Estamos por iso fronte a unha das máis perfectas construcións do capítulo húmido -un dos máis fértiles- da historia do cinema.

Publicado en El País (marzo de 1994)
Tradución: Olalla Cocina

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

